

ANEXO III Referencia convocatoria:2026/CP/112

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2023-151271OB-I00			
Título: Deseño óptimo de aeroestruturas seguras, eficientes e tolerantes a danos fronte a cargas extremas en réxime subsónico e supersónico			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Optimización estrutural			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/07/2026 FIN: 31/08/2027			
CENTRO Inv. Principal: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Luns a venres de 9:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h (35 horas/semana).			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Xestor/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión <input type="checkbox"/>	
Colaborador/a de investigación <input checked="" type="checkbox"/> MECES 3		Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir			
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/07/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/>	Duración determinada <input checked="" type="checkbox"/>	DATA FIN CONTRATO: 31/12/2026
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2199.17 €*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206. MUS01147			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Máster
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Titulares: Jacobo Díaz García (Presidente, CU), Aitor Baldomir García (Vocal, TU) e Luis E. Romera Rodríguez (Secretario, TU). Suplentes: Arturo Fontán Pérez (Profesor Contratado Doctor), José A. Jurado (Profesor TU) e Félix Nieto Mouronte (Profesor TU)

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jacobo Manuel Díaz García	Asinado	12/06/2026 14:06:31
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 12 de xuño de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Jacobo Díaz García

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jacobo Manuel Díaz García	Asinado	12/06/2026 14:06:31
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Este contrato convócase co obxecto de contribuír acadar os obxectivos especificados no proxecto de investigación PID2023-151271OB-I00, “Deseño óptimo de aeroestruturas seguras, eficientes e tolerantes a danos fronte a cargas extremas en réxime subsónico e supersónico”.

As tarefas, a xustificación da duración do contrato e os requisitos indicados na solicitude de contratación especificanse a continuación.

• Tarefas a realizar

A persoa contratada realizará actividades de investigación no ámbito da optimización estrutural, do desenvolvemento de sistemas de protección fronte ao impacto e da fabricación aditiva de estruturas de matriz termoplástica. Entre outras, levará a cabo as seguintes tarefas: fabricación aditiva de prototipos de matriz termoplástica reforzados con fibra de carbono; ensaio experimental cuasiestático e fronte ao impacto dos prototipos fabricados; simulación numérica dos ensaios experimentais e validación de modelos; redacción de informes.

• Requisitos das persoas candidatas

- Estar en posesión dun título de mestrado nalgunha das seguintes titulacións: Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos ou Enxeñaría Aeronáutica.
- Coñecementos de cálculo estático e dinámico de estruturas mediante software de elementos finitos.
- Coñecementos de linguaxes de programación aplicadas na enxeñaría.
- Experiencia en fabricación aditiva mediante técnica de filamento fundido.

• Criterios de valoración

Para a adxudicación do contrato valorarase nun 50% o expediente académico tendo en conta as titulacións de grao e mestrado; nun 35% a experiencia da persoa candidata relacionada coas tarefas a desenvolver; e realizarase unha entrevista persoal que se valorará cun 15% da puntuación. O baremo de puntuacións é o seguinte:

- Expediente académico (máximo 50 puntos): Considerarase a nota media ponderada do grao e mestrado de acordo coa seguinte fórmula: $5 \cdot (G \cdot C1 + M \cdot C2) / (C1 + C2)$, onde G e M son as notas medias respectivas de grao e mestrado avaliadas sobre 10 ; e C1 e C2 os créditos superados, respectivamente, en grao e mestrado.
- Experiencia relacionada coas actividades a desenvolver (máximo 35 puntos):
 - o Experiencia no uso de programas informáticos para a realización de modelos de elementos finitos (8 puntos por programa; máximo 16 puntos). Valorarase a utilización que o candidato fixera de cada software en contratos laborais, ou proxectos nos que acredite a súa participación, así como en publicacións que consten no seu curriculum vitae.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jacobo Manuel Díaz García	Asinado	12/06/2026 14:06:31
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jnzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

o Traballos académicos no ámbito da mecánica de estruturas (4 puntos por traballo; máximo 8 puntos). Consideraranse incluídos neste apartado aqueles traballos nos que a aplicación dos principios da mecánica de estruturas resulte predominante. Só se puntuarán aqueles traballos que obtiveran una cualificación numérica superior a 8.5.

o Experiencia en linguaxes de programación aplicadas á enxeñaría: valorarase a experiencia en linguaxes de programación (3 puntos por linguaxe; máximo 6 puntos). Valorarase a utilización que o candidato fixera de cada linguaxe de programación en contratos laborais, ou proxectos nos que acredite a súa participación, así como en publicacións que consten no seu curriculum vitae.

o Experiencia en fabricación aditiva mediante técnica de filamento fundido (2,5 puntos por proxecto; máximo 5 puntos).

- Entrevista persoal (máximo 15 puntos).

Unha vez avaliados os criterios, establecerase unha orde de prelación das persoas candidatas. Será adxudicataria a persoa que obteña a puntuación máis alta. Co resto das persoas aspirantes e, respectando a orde de prelación, crearase unha lista de agarda, exclusivamente para este posto, que se empregará para a contratación en caso de renuncia, cesamento ou baixa por incapacidade temporal da persoa seleccionada.

Será necesario un mínimo de 65 puntos para ser beneficiaria do contrato e de 50 puntos para acceder á lista de agarda. A puntuación obtida en la entrevista no computará en el acceso a la lista de espera.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	j mzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jacobo Manuel Díaz García	Asinado	12/06/2026 14:06:31
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jmzEiZwi0PBR8CmAwGtW7Q%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

